

Plan de convivencia

Título: Dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa e Normas de organización, funcionamento e convivencia

[revisión: 08.11.2019, aprobado en Consello Escolar do 24.10.2019]

Limiar

As normas de convivencia, aquí recollidas, teñen como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativo e o éxito escolar.

Neste documento se concretan os dereitos e deberes do alumnado, as normas de organización funcionamento e convivencia, as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Dereitos e deberes do alumnado

Todo o alumnado ten os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean cursando.

Todo o alumnado ten o dereito e o deber de coñecer a Constitución Española e o respectivo Estatuto de Autonomía, coa finalidade de formarse nos valores e principios neles recoñecidos.

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos, establecidos nas leis orgánicas de educación e nas específicas de convivencia escolar:

A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.

A recibir orientación educativa e profesional

A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e as súas conviccións morais, de acordo coa Constitución.

Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei 4/2011.

A recibir as axudas e os apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo.

Á protección social, no ámbito educativo, nos casos de infortunio familiar ou accidente.

A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son deberes básicos do alumnado:

Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo ás súas capacidades.

Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas escolares e complementarias.

Seguir as directrices do profesorado. Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación e a autoridade e orientacións do profesorado.

Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais didácticos do centro.

Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

As normas de organización, funcionamento e convivencia

1. Aspectos xerais

As normas de organización e funcionamento e normas de convivencia, que se recollen neste apartado, están orientadas a garantir o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e facilitarase o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa [Dec8/2015, art.18.1].

2. Normas para o alumnado (NA)

Norma básica: Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente

NA-1: Asistir a clase con puntualidade e co material preciso

En caso de coñecer de antemán que van a faltar, comunicalo ao profesor/a e ao titor/a previamente; de ser un motivo imprevisto, avisar ao centro coa maior celeridade posible. En todo caso, na súa reincorporación deberán entregar ao titor/a a xustificación da falta, segundo documento dispoñible na conserxería.

O alumnado traerá o material académico requirido sen empregar elementos de distracción.

Esta norma, coa súa concreción, é de aplicación para todas as actividades formativas e, especialmente, nas escolares e complementarias.

Excepcionalmente, atenderanse ás posibles circunstancias do alumnado, en especial nas etapas de ensino post-obrigatorio e o alumnado maior de idade.

NA-2: Traballar ordenadamente e en silencio na aula ou, de selo caso, no espazo onde se realice a actividade, baixo a dirección do profesor ou profesora.

Traer o material e realizar as tarefas requiridas polo profesor ou profesora.

Atender as directrices do profesor ou profesora para o traballo na aula.

Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo ás súas capacidades.

Participar activamente e con interese no desenvolvemento da disciplina.

Durante o período lectivo, non se pode permanecer fóra da aula ou abandonar a mesma, salvo con permiso explícito dalgún profesor ou profesora. Non procede pedir permiso para abandonar a aula, coa excepción de forza maior.

Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro. Esta norma enténdese para todo o profesorado e para todo o seu ámbito de actuación.

NA-3: Conservar e facer un bo uso das instalacións, materiais didácticos e recursos dispoñibles no centro.

Utilizar as instalacións, mobiliario e o material dispoñible no centro sen producir danos.

Non entrar en aulas ou espazos que non sexan os asignados ao alumno ou alumna dentro do seu horario de uso.

Non utilizar o material escolar ou pertenzas doutros compañeiros e compañeiras sen o seu consentimento.

Non está permitido comer e/ou beber nas aulas e zonas de tránsito; permítese no patio cuberto, no exterior dos edificios e na propia cafetería, debendo conservar, en todo caso, a limpeza no centro.

O residuos deben depositarse no correspondente colector atendendo á seu reciclaxe.

Facer un consumo de enerxía responsable.

Os desperfectos que se poidan producir na aula, ou en calquera das instalacións, comunicaranse, ao equipo docente do grupo, ou profesorado en xeral.

Facer soar a alarma contraincendios, sen causa que o motive, será considerada unha conduta contraria á convivencia de carácter grave, sen prexuízo das responsabilidades por danos que poida causar.

Observar e atender as normas específicas dos diferentes espazos, que se relacionan de seguido:

- Normas nas aulas.
- Normas no espazos comúns.
- Biblioteca.
- Pavillón deportivo.
- Cafetería.
- Aulas e laboratorios do departamento de Informática e Comunicacions.
- Aulas e talleres do do departamento de Imaxe Persoal.

NA-4: Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación e a autoridade e orientacións do profesorado.

Os alumnos e alumnas colaborarán activamente na mellora da convivencia escolar.

Comunicarlle a algún membro do profesorado aquelas condutas contrarias á convivencia das que se teña coñecemento.

Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia do centro docente.

NA-5: Respetar a igualdade de dereitos entre mulleres e homes, a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

Tomar partido activamente na promoción e defensa da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Non se permite a utilización e exhibición de imaxes e contidos que denigren ou atenten contra a integridade das persoas, especialmente de tipo sexista, racista e xenófobo.

Evitar calquera expresión de violencia e fomentar a resolución pacífica do conflito.

NA-6: Observar e atender as prohibicións legais de consumir tabaco, alcohol e outras substancias prohibidas.

Non fumar, non consumir bebidas alcohólicas nin outras substancias prohibidas en todo o recinto escolar.

3. Normas de funcionamento.

Seguir e acatar as instrucións e indicacións tanto do persoal docente como non docente.

O alumnado menor de idade non poderá saír do recinto escolar, agás autorización expresa ou acompañamento do pai, nai, titora ou titor legal ou persoa adulta autorizada.

En caso de ausencia do profesorado, o alumnado agardará ao profesor ou profesora de garda. Se transcorridos 5 minutos o profesor ou profesora de garda non se presenta, o delegado ou delegada de grupo informará desta circunstancia na conserxería.

En horas de clase o alumnado non permanecerá nos corredores.

Durante os recreos o alumnado non permanecerá nas aulas nin nos corredores.

O alumnado da ESO, na primeira hora da mañá, da tarde e despois do recreo, permanecerá no recibidor principal á espera da profesora ou profesor da súa materia que o acompañará á aula.

4. Sobre a vestimenta do alumnado.

En ningún caso se permitirá o uso de prendas e complementos que denigren ou atenten contra a integridade das persoas, especialmente de tipo sexista, racista e xenófobo.

En relación á observación da vestimenta do alumnado no centro docente, non se permiten complementos que impidan a identificación do alumno ou alumna.

5. Sobre o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos en períodos lectivos.

Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, baixo a autorización e supervisión do profesorado, con indicación expresa do período, poderá empregarse como ferramenta pedagóxica.

Para un adecuado desenvolvemento das clases, e con o fin de evitar molestias, e necesario que o alumnado desconecte os seus teléfonos móbiles antes de entrar na aula.

O alumnado de ESO e FP Básica non poderá empregar o teléfono móbil dentro do recinto do instituto.

O alumnado de ensino post-obrigatorio, poderá utilizar o dispositivo móbil nos espazos habilitados a tal efecto: patio cuberto, cafetería e exteriores dentro do recinto do instituto.

Nas actividades complementarias e extraescolares rexerán as mesmas normas.

6. Sobre a obtención e difusión de imaxes e gravacións.

Non se permite a obtención de ningún tipo de imaxes e/ou gravacións en todo o recinto escolar. Salvo casos específicos autorizados pola dirección do centro.

7. Sobre o funcionamento do servizo complementario de transporte.

No transporte escolar son de aplicación as mesmas normas que no centro educativo.

O alumnado acatará as instrucións da persoa responsable do autobús.

Normativa:

Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del Derecho a la Educación.

LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.